

PROGRAMACIÓN

# VALORES ÉTICOS

CURSO 2020 -2021

# ÍNDICE

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	pax 4
OBXECTIVOS.....	pax 6
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	pax 8
ELEMENTOS TRANSVERSAIS POR CURSO.....	pax 10
ESTRUTURA E CONTIDOS DO CURRÍCULO.....	pax 10
ANALISE E VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES QUE SE IMPARTIRON E DAS QUE NON SE IMPARTIRON NO CURSO	
2019/2020.....	pax 13
1º E.S.O. PRESENCIAL.....	pax 14
<small>(Obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, Procedementos e instrumentos, Metodoloxía e Recursos, Estándares de aprendizaxe , Grao mínimo de consecución, Temporización)</small>	
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA NO 1º E.S.O.....	pax 23
TRANSICION POSIBLE AO ENSINO NON PRESENCIAL.....	pax 24
1º DE ESO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL.....	pax 25
<small>(Obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, Procedementos e instrumentos, Metodoloxía e Recursos, Estándares de aprendizaxe , Grao mínimo de consecución, Temporización)</small>	
2º E.S.O. (Obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, Procedementos e instrumentos, Metodoloxía e Recursos, Estándares de aprendizaxe , Grao mínimo de consecución, Temporización).....	pax 31
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA NO 2º E.S.O.....	pax 40
TRANSICION POSIBLE AO ENSINO NON PRESENCIAL.....	pax 41
2º DE ESO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL.....	pax 42
<small>(Obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, Procedementos e instrumentos, Metodoloxía e Recursos, Estándares de aprendizaxe , Grao mínimo de consecución, Temporización)</small>	
3º E.S.O. PRESENCIAL.....	pax 49
<small>(Obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, Procedementos e instrumentos, Metodoloxía e Recursos, Estándares de aprendizaxe , Grao mínimo de consecución, Temporización)</small>	
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA NO 3º E.S.O.....	pax 56
TRANSICION POSIBLE AO ENSINO NON PRESENCIAL.....	pax 57
3º DE ESO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL.....	pax 59
<small>(Obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, Procedementos e instrumentos, Metodoloxía e Recursos, Estándares de aprendizaxe , Grao mínimo de consecución, Temporización)..</small>	
4º E.S.O. (Obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, Procedementos e instrumentos, Metodoloxía e Recursos, Estándares de aprendizaxe , Grao mínimo de consecución, Temporización).....	pax 64
TRANSICION POSIBLE AO ENSINO NON PRESENCIAL.....	pax 73
4º DE ESO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL.....	pax 74
<small>(Obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, Procedementos e instrumentos, Metodoloxía e Recursos, Estándares de aprendizaxe , Grao mínimo de consecución, Temporización)</small>	

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA NO 4º E.S.O.....	pax 81
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	pax 83
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	pax 84
MECANISMOS DE RECUPERACIÓN.....	pax 89
RECUPERACIÓN DA MATERIA EN SETEMBRO.....	pax 90
PROGRAMA DE REFORZO DE PENDENTES.....	pax 90
AVALIACIÓN INICIAL.....	pax 90
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	pax 91
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS .....	pax 92
MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	pax 93
ANEXO I, RUBRICAS DE AVALIACIÓN.....	pax 95

# INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

O valor da reflexión ética que ofrece a materia “Valores Éticos” debe centrarse en dotar ao alumnado dos instrumentos de racionalidade e obxectividade necesarios para que os seus xuízos valorativos teñan o rigor, a coherencia e a fundamentación racional que requiren, co fin de que as súas eleccións sexan dignas de guiar a súa conduta, a súa vida persoal e as súas relacións sociais.

O currículo básico estrutúrase ao redor de tres eixos:

- Pretende cumprir co mandato da Constitución Española, que fixa como obxectivo fundamental da educación o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais.
- Contribúe a potenciar a autonomía do novo e a preparalo para converterse no principal axente do seu propio desenvolvemento, aprendendo a construír, mediante unha elección libre e racionalmente fundamentada en valores éticos, un pensamento e un proxecto de vida propios, asumindo de modo consciente, crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control acerca da súa propia existencia.
- Contribúe a favorecer a construción dunha sociedade libre, igualitaria, próspera e xusta, mediante a participación activa de cidadáns conscientes e respectuosos dos valores éticos nos que debe fundamentarse a convivencia e a participación democrática, recoñecendo os dereitos humanos como referencia universal para superar os conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social.

Esta materia desenvólvese ao longo de 4 cursos, dende 1º de ESO ata 4º cunha carga horaria dunha hora semanal.

Os contidos organízanse en 6 bloques:

1. A dignidade da persoa
2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais.
3. A reflexión ética.
4. A xustiza e a política.
5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos.
6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía.

Non se distribúen liñalmente ao longo dos cursos senón que algúns deste bloques trátanse en varios cursos, se ben con diferente nivel de profundidade e desenvolvemento.

Durante este curso a materia de Valores Éticos foi asignada ao profesorado adscrito aos Departamentos de Artes Plásticas e Música. Así pois, a materia nos grupos de primeiro e terceiro de E.S.O. será impartida pola profesora e Xefa do Departamento de Artes Plásticas, M<sup>a</sup> Del Carmen Pérez Fernández e segundo e terceiro de E.S.O. será impartida polo profesor e Xefe do Departamento de Música , Fernando Cabo Gómez.

As horas e grupos nos que se impartirá a materia por departamento, son:

Departamento de Artes Plásticas.:

1º E.S.O. -2 grupos, 2 sesións semanais.

3º E.S.O. -2 grupos, 2 sesións semanais.

Departamento de Música:

2º ESO. - 1 grupo, 1 sesións semanais

4º ESO. - 2 grupos, 2 sesións semanais

## OBXECTIVOS

A materia de Valores Éticos ten como obxectivo básico orientar o alumnado adolescente na escolla do seu proxecto de vida persoal. A orientación de Valores Éticos permitirá que ese proxecto se vaia enchendo de xeito acorde coa racionalidade práctica. Isto supón que o proxecto, por racional, vai requirir virtudes intelectuais como o rigor, a coherencia, a honradez intelectual ou o apego á realidade. Pola dimensión práctica desa racionalidade, o proxecto requirirá que o alumnado vaia construíndo, desde a reflexión, un código ético de valores e normas que determinarán as súas decisións para guiar a súa conduta de tal xeito que realce a súa dignidade persoal e, ao mesmo tempo, permita a súa realización plena e feliz como persoas e a promoción de relacións sociais marcadas polo recoñecemento das outras persoas, o respecto cara a elas, e pola finalidade de alcanzar cotas cada vez maiores de xustiza, tanto no nivel máis próximo á persoa como no nivel global.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## CONSECUCCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

No plano didáctico, Valores Éticos contribúe á consecución das competencias clave. Resulta evidente que o obxectivo de alcanzar maiores competencias sociais e cívicas está na súa propia constitución como materia. Pero a reflexión ética tamén require a posta en práctica da competencia comunicación lingüística, pola necesidade de rigor e claridade na exposición das propias ideas, e da capacidade dialóxica para comprender os puntos de vista alleos e aprender deles. Tamén resulta indispensable fomentar tanto a competencia de aprender a aprender como a de sentido da iniciativa e espírito emprendedor, pois ambas inciden na necesidade de crecemento persoal, tanto na orde do exercicio dos procesos cognitivos como na do aprecio pola creatividade, o sentido crítico e o non-estancamento. Para a reflexión ética, ademais, é necesario coñecer e dialogar con pensadores/as que, coas súas teorías antropolóxicas, éticas e políticas, foron moldeando tanto a nosa cultura como os valores de respecto, non-violencia, liberdade, igualdade entre as persoas, solidariedade e pluralismo; valores que son o corazón da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH). É desde eses valores como tamén se analiza o traballo científico e tecnolóxico, polo que tamén se traballa a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, non desde unha perspectiva substantiva, pero si desde a análise da actividade científico-tecnolóxica como actividade que debe ser acorde a valores éticos universais, tanto nos seus procedementos como nos resultados que dela se poidan obter. Por último, a materia préstase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas, tanto en traballos colaborativos como en tarefas individuais, a competencia dixital, que lles permita acceder e seleccionar información, procesala e plasmar as súas creacións en produtos cunha innegable capacidade para a comunicación.

Concretamente, o ensino desta materia terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social, aceptando a propia identidade, as características e experiencias persoais respectando as diferenzas cos outros e desenvolvendo a autoestima.
2. Desenvolver e expresar os sentimentos e as emocións, así como as habilidades comunicativas e sociais que permiten participar en actividades de grupo con actitude solidaria e tolerante, utilizando o diálogo e a mediación para abordar os conflitos.
3. Desenvolver a iniciativa persoal asumindo responsabilidades e practicar formas de convivencia e participación baseadas no respecto, a cooperación e o rexeitamento á violencia aos estereotipos e prexuízos.
4. Coñecer, asumir e valorar positivamente os dereitos e obrigacións que se derivan da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e da Constitución Española, identificando os valores que os fundamentan, aceptándoos como criterios para valorar eticamente as condutas persoais e colectivas e as realidades sociais.



5. Identificar a pluralidade das sociedades actuais recoñecendo a diversidade como enriquecedora da convivencia e defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións existentes por razón de sexo, orixe, crenzas, diferenzas sociais, orientación afectivo-sexual ou de calquera outro tipo, como unha vulneración da dignidade humana e causa perturbadora da convivencia.
6. Recoñecer os dereitos das mulleres, valorar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos entre eles e rexeitar os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.
7. Coñecer e apreciar os principios que fundamentan os sistemas democráticos e o funcionamento do Estado español e da Unión Europea, tomando conciencia do patrimonio común e da diversidade social e cultural.
8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar de acordo con eles nos diferentes ámbitos de convivencia. Asumir os deberes cidadáns no mantemento dos bens comúns e o papel do Estado como garante dos servizos públicos.
9. Valorar a importancia da participación na vida política ou outras formas de participación cidadá, como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado .
10. Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, así como a relación entre os conflitos armados e o subdesarrollo, valorar as accións encamiñadas á consecución da paz e a seguridade e a participación activa como medio para lograr un mundo máis xusto.
11. Recoñecerse membros dunha cidadanía global. Mostrar respecto crítico polos costumes e modos de vida de poboacións distintas á propia e manifestar comportamentos solidarios coas persoas e colectivos desfavorecidos.
12. Identificar e analizar as principais teorías éticas, recoñecer os principais conflitos sociais e morais do mundo actual e desenvolver unha actitude crítica ante os modelos que se transmiten a través dos medios de comunicación.
13. Adquirir un pensamento crítico, desenvolver un criterio propio e habilidades para defender as súas posicións en debates, a través da argumentación documentada e razoada, así como valorar as razóns e argumentos dos outros.

É fundamental o tratamento que esta materia fai de algunhas das competencias básicas do currículo:

<b>CSC.</b>	O respecto polo outro, o respecto á regras do debate, a busca dun consenso e a eliminación de prexuízos.
<b>CCL.</b>	Na necesidade de rigor e claridade de expresión. A lectura de textos de pensadores relevantes da nosa cultura aumenta a capacidade. lingüística e reflexiva.
<b>CAA.</b>	Na busca autónoma de respostas, o crecemento persoal e cognitivo e o aprecio pola creatividade o respecto.
<b>CCMT</b>	A través da crítica e análise das achegas científicas e tecnolóxicas e a súa influencia nos valores e na vida dos individuos.
<b>CD.</b>	A través dos traballos colaborativo de busca de información nas redes e procesamento da información e comunicación por diferentes canles.

## ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O ensino de Valores Éticos debe potenciar certas actitudes e hábitos de traballo que axuden ao alumno a apreciar o propósito da materia, a ter confianza en si mesmo, así como a súa habilidade para abordala satisfactoriamente e a desenvolverse noutras dimensións humanas: autonomía persoal, relación interpersoal, etc. É por iso que, ademais dos distintos elementos transversais de carácter instrumental como a comprensión e a expresión oral e escrita e o uso das TIC, que se traballan de forma continua ao longo do curso nesta materia, no proxecto do IES Poeta Añón, decidimos focalizar o traballo en cinco valores, que consideramos fundamentais nesta etapa educativa. Son os seguintes:

### 1. Respetto.

1.1.-A un mesmo: autoestima, dignidade, esforzo persoal, honestidade, proxecto de vida.

1.2.-Aos demais: empatía, escoita activa, diálogo, resolución de conflitos. Pódese traballar co enfoque de deber (temos o deber de respectar aos demais).

1.3.- Ás culturas: ideas, linguas, costumes, patrimonio. Aos animais: evitar o dano innecesario, evitar a extinción de especies. Á natureza: evitar a deterioración ambiental, evitar a extinción de especies.

## 2. Responsabilidade

- 2.1.- Fronte ás tarefas persoais e de grupo: esforzo, compromiso. Fronte as normas sociais: civismo, cidadanía.
- 2.2.- Fronte a os conflitos e dilemas morais: información fiable, sentido crítico, posicionamento. Fronte ao consumismo: consumo responsable e racional de produtos.
- 2.3.- Fronte ás xeracións vindeiras: desenvolvemento sustentable, ética global a longo prazo.

## 3. Xustiza

- 3.1.- Dereito á igualdade, con especial referencia a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e a os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- 3.2.- Dereito á alimentación.
- 3.3.- Dereito á saúde.
- 3.4.- Dereito á educación.
- 3.5.- Dereito á paz, mediante o fomento da aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- 3.6.- Dereito á xustiza internacional, baseado nos valores que sustentan a liberdade, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

## 4. Solidariedade

- 4.1.- Coas persoas próximas que se senten fráxiles e indefensas ante o seu día a día.
- 4.2.- Coas persoas que padecen unha enfermidade grave ou limitación dalgún tipo. Cos inmigrantes, refuxiados e desprazados.
- 4.3.- Coas vítimas do desequilibrio económico mundial.
- 4.4.- Coas vítimas de conflitos armados.
- 4.5.- Coas vítimas de desastres naturais.

## 5. Creatividade e esperanza

- 5.1.- O impulso de buscar alternativas.
- 5.2.- A confianza en que é posible mellorar as situacións difíciles, os conflitos, ás persoas, o mundo en xeral.

## CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS POR CURSO:

Curso	Valores	Elementos transversais de carácter instrumental
1ºESO	(1), (3.1.), (3.6.), (4.1.), (4.2.), (4.3.), (4.4.)	Expresión oral e escrita/ uso das TIC.
2ºESO	(1.1.), (1.2.), (2.1.), (2.2.), (3.1.), (3.5.), (3.6.), (4.1.)	Expresión oral e escrita/uso das TIC.
3ºESO	(2.3.), (3.1.), (3.2.), (3.3.), (3.4.), (5.1.), (5.2.)	Expresión oral e escrita/uso das TIC.
4ºESO	(1.3.), (2.2.), (3.1.), (3.5.), (3.6.), (4.2.), (4.3.), (4.4.), (5)	Expresión oral e escrita/uso das TIC.

## ESTRUTURA E CONTIDOS DO CURRÍCULO.

O currículo da materia está estruturado en seis bloques temáticos con enfoques, perspectivas e niveis de fondura diferente. Son os seguintes: "A dignidade da persoa", "A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais", "A reflexión ética", "A xustiza e a política", "Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos" e, por último, "Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía". As diferenzas entre bloques e o ter en conta os diversos momentos do desenvolvemento cognitivo do alumnado nesta etapa foron os motivos determinantes de que, no currículo do primeiro ciclo, os alumnos e as alumnas de primeiro de ESO traballen o referido á personalidade e á súa constitución, a ineludibilidade dos problemas morais e a introdución á reflexión ética e política. En segundo de ESO abórdanse as achegas que, no campo da reflexión moral, fixeron os/as grandes pensadores/as e filósofos/as da historia, así como as conexións necesarias entre o campo da ética, o do dereito e o da política; conexións nas que o concepto de xustiza ocupa un papel central. En terceiro de ESO, curso final do ciclo, os temas atinxen á configuración da vida social e política, pondo como criterio ético básico dunha sociedade xusta o respecto á DUDH e os valores que a conforman, e vendo que tanto a Constitución Española como o Estatuto de Autonomía de Galicia se axustan a este criterio e o enriquecen. No cuarto curso da etapa retómanse xa, pero desde un nivel de afondamento superior, todos os temas que foron xurdindo nos cursos previos, tendo como horizonte que o alumnado, ao final da etapa, estea xa capacitado

para levar a cabo o proxecto máis importantes de aqueles nos que se embarcarán: o dunha vida persoal e social digna e satisfactoria.

## ANALISE E VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES QUE SE IMPARTIRON E DAS QUE NON SE IMPARTIRON NO CURSO 2019/2020.

A programación inicial do curso 2019/2020, veuse afectada pola alarma sanitaria declarada o 14 de marzo, debida á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e, a súa aplicación, de conformidade co previsto na lexislación, o que significou, entre outras moitas medidas, o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España.

Os cambios que quedaron reflectidos na adaptación da programación inicial foron, no aspecto metodolóxico, tendo en conta que as canles de comunicación co alumnado foron trastocadas radicalmente, nos criterios de avaliación e afectando a unha parte dos contidos que quedaron sin impartir. Ditos contidos foron os do *Bloque 5. Os valores éticos, o dereito, a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (DUDH) e outros tratados internacionais sobre dereitos humanos*, *Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía*, nos 1º da E.S.O. E o *Bloque 6. Os valores éticos e a súa relación coa ciencia e a tecnoloxía*, nos 2º, 3º e 4º da E.S.O., xa que estes contidos estaban programados para o terceiro trimestre.

Pero, aínda que non se trataron os contidos reflectidos na adaptación inicial do bloque 6, si se traballaron na práctica conxunta realizada no centro na actividade organizada polos Grupos Locais e de Acción de Amnistía Internacional en Galicia, conmemorando o Día Internacional dos Dereitos Humanos que, como cada ano, celébrase o 10 de decembro, colaborando na actividade, escribe unha carta de solidariedade e apoio á persoas representantes de asociacións e cidadáns de distintos ámbitos que se encontran en situacións de graves represalias por defender os dereitos das persoas. Nesta actividade, léronse algúns dos artigos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, co obxectivo de facer chegar a importancia de respectar, preservar e coidar estes dereitos, que son indivisibles e inalienables.

## Bloque 1. A dignidade da persoa

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Procedementos e instrumentos da avaliación	Metodoloxía e Recursos	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución NIVEL 2	Temporización	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>d</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. O concepto problemático de persoa. Significado etimolóxico.</li> <li>B1.2. Características da persoa: independencia, racionalidade e liberdade.</li> <li>B1.3. Dignidade da persoa: a persoa como ser moral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Construír un concepto de persoa, consciente de que esta é indefinible, valorando a dignidade que posúe polo feito de ser libre.</li> </ul>	<p>O seguimento e avaliación das aprendizaxes do alumnado realizarase a diario coa observación na aula e nos portafolios cadernos de clase.</p> <p>O cálculo das cualificacións farase a partires da rúbrica proposta. ANEXO I, (R-1)</p> <p>Os instrumentos intentarán adecuarse ás características xerais do grupo e dependendo da temporización, (as circunstancias que poidan xurdir).</p> <p>Buscar e comentar noticias de actualidade relacionadas co tema e debater na aula.</p> <p>Realización dunha presentación en soporte dixital.</p> <p>ANEXO I, (R-2, específica)</p> <p>Visionado de imaxes, textos ou películas e debater ao respecto.</p> <p>Xogos de ROLL.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nesta materia cobra unha especial importancia o uso de dilemas morais como recurso didáctico.</li> <li>Desenvolver estratexias de grupo e individualizada.</li> <li>Impulsar as relacións entre iguais creando un clima de cooperación.</li> <li>Facilitar e comprobar a incorporación progresiva das aprendizaxes destes valores á vida cotiá.</li> <li>Posta en común diante do grupo, despois do traballo individual ou grupal.</li> <li>Partir dos coñecementos dos alumnos e a partir de aí construír outras aprendizaxes.</li> <li>Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización de coñecementos previos e a memoria comprensiva.</li> <li>Proporcionar situacións nas que os alumnos deban aplicar e actualizar os seus coñecementos.</li> <li>Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos co fin de que resulten motivadoras.</li> <li>Conseguir que os alumnos sexan capaces de aprender a aprender.</li> <li>Exposición clara, sinxela e razoada dos contidos conceptuais, cunha linguaxe adaptada ao do alumno e que, simultaneamente, contribúa a mellorar a súa expresión oral e escrita.</li> <li>Uso de estratexias de aprendizaxe que propicien unha análise causal dos feitos sociais, históricos e xeográficos.</li> <li>Fomento dunhas actitudes que propicien no alumnado a asunción dos valores propios dun sistema democrático.</li> <li>A actividade escolar debe esforzarse non só na transmisión de coñecementos senón en que o alumno asuma os valores propios da sociedade democrática en que vive.</li> <li>Usar como centros de interese a realidade máis próxima tanto comarcal como galega no plural contexto español e europeo.</li> </ul>	<p>B1.1 Sinala as dificultades para definir o concepto de persoa, analizando o seu significado etimolóxico</p> <p>B1.2 Describe as características principais da persoa: substancia independente, racional e libre.</p> <p>B1.3. Explica e valora a dignidade da persoa que, como ente autónomo, se converte nun "ser moral"</p>	<p>Analiza o significado de persoa.</p> <p>Coñece as características principais da persoa.</p> <p>Valora o carácter moral da persoa.</p>	<p>1ª Avaliación (1 ou 2 sesións.)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>d</li> <li>e</li> <li>g</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Adolescencia: crise de identidade, formación de grupos e influencia do grupo no/na adolescente.</li> <li>B1.5. Desenvolvemento da autonomía persoal na adolescencia. Control da conduta e escola de valores éticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Comprender a crise da identidade persoal que xorde na adolescencia e as súas causas, e describir as características dos grupos que forman e a influencia que exercen sobre os seus membros, coa finalidade de tomar conciencia da necesidade que ten, para seguir medrando moralmente e pasar á vida adulta, do desenvolvemento da súa autonomía persoal e do control da súa conduta.</li> </ul>	<p>O seguimento e avaliación das aprendizaxes do alumnado realizarase a diario coa observación na aula e nos portafolios cadernos de clase.</p> <p>O cálculo das cualificacións farase a partires da rúbrica proposta. ANEXO I, (R-1)</p> <p>Os instrumentos intentarán adecuarse ás características xerais do grupo e dependendo da temporización, (as circunstancias que poidan xurdir).</p> <p>Buscar e comentar noticias de actualidade relacionadas co tema e debater na aula.</p> <p>Realización dunha presentación en soporte dixital.</p> <p>ANEXO I, (R-2, específica)</p> <p>Visionado de imaxes, textos ou películas e debater ao respecto.</p> <p>Xogos de ROLL.</p>	<p><b>Recursos</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Contaremos cos recursos EDIXGAL para consultar os contidos que poden ser impartidos a través da plataforma EDIXGAL .Ademais a</li> </ul>	<p>B1.4 Coñece información, de fontes diversas, arredor dos grupos de adolescentes, as súas características e a influencia que exercen sobre os seus membros na determinación da súa conduta, e realiza un resumo coa información obtida.</p> <p>B1.5 Elabora conclusións sobre a importancia que ten para o/a adolescente desenvolver a autonomía persoal e ter o control da súa propia conduta conforme aos valores éticos libremente elixidos.</p>	<p>Busca información do modo de comportarse dos adolescentes.</p> <p>Reflexiona sobre a importancia da autonomía persoal.</p>	<p>1ª Avaliación (1 ou 2 sesións.)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>

				través da plataforma traballárase na creación de cartafolios, manexo do correo electrónico, presentación de traballos utilizando as ferramentas...				
• a • f • g • l	• B1.6. Personalidad e factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno ambiental que inflúen na súa construción. Capacidade de autodeterminación no ser humano.	• B1.3. Describir en que consiste a personalidade e valorar a importancia de enriquecela con valores e virtudes éticas, mediante o esforzo e a vontade persoal.	O seguimento e avaliación das aprendizaxes do alumnado realizarase a diario coa observación na aula e nos portafolios cadernos de clase. O cálculo das cualificacións farase a partires da rúbrica proposta. ANEXO I, (R-1) Os instrumentos intentarán adecuarse ás características xerais do grupo e dependendo da temporización, (as circunstancias que poidan xurdir). Buscar e comentar noticias de actualidade relacionadas co tema e debater na aula. Realización dunha presentación en soporte dixital. ANEXO I, (R-2, específica) Visionado de imaxes, textos ou películas e debater ao respecto. Xogos de ROLL.	• Ordenador con conexión a Internet para consultar os contidos que poden ser impartidos a través da plataforma EDIXGAL . • Material audiovisual: películas e documentais • Textos extraídos da bibliografía existente no centro e da prensa diaria. • Recursos TIC: páxinas webs, blogs, etc.	B1.6. Identifica en que consiste a personalidade e os factores xenéticos, sociais, culturais e do contorno que inflúen na súa construción, e aprecia a capacidade de autodeterminación no ser humano.	Identifica os compoñentes da personalidade.	1ª Avaliación (1 ou 2 sesións.)	• CSC • CSIEE
• a • d • h	• B1.7. A razón e a liberdade na estruturación da personalidade e na escolla dos valores éticos que conformarán.	• B1.4. Xustificar a importancia que ten o uso da razón e a liberdade no ser humano para determinar "como quere ser", elixindo os valores éticos que desexa incorporar á súa personalidade.	O seguimento e avaliación das aprendizaxes do alumnado realizarase a diario coa observación na aula e nos portafolios cadernos de clase. O cálculo das cualificacións farase a partires da rúbrica proposta. ANEXO I, (R-1) Os instrumentos intentarán adecuarse ás características xerais do grupo e dependendo da temporización, (as circunstancias que poidan xurdir). Buscar e comentar noticias de actualidade relacionadas co tema e debater na aula. Realización dunha presentación en soporte dixital. ANEXO I, (R-2, específica) Visionado de imaxes, textos ou películas e debater ao respecto. Xogos de ROLL.		B1.7. Describe e estima o papel relevante da razón e a liberdade para configurar cos seus propios actos a estrutura da súa personalidade . Realiza unha lista dos valores éticos que estima como desexables para integralos na súa personalidade, e explica as razóns da súa elección.	Describe a importancia da razón e liberdade na configuración da personalidade.	1ª Avaliación (1 ou 2 sesións.)	• CSC • CSIEE
• a • b • d • e • g • h	• B1.8. A intelixencia emocional e o seu papel no desenvolvemento moral da persoa. • B1.9. Emocións, sentimentos e vida moral. • B1.10. Valores éticos e capacidade de autocontrol	• B1.5. Analizar en que consiste a intelixencia emocional e valorar a súa importancia no desenvolvemento moral do ser humano.	O seguimento e avaliación das aprendizaxes do alumnado realizarase a diario coa observación na aula e nos portafolios cadernos de clase. O cálculo das cualificacións farase a partires da rúbrica proposta. ANEXO I, (R-1) Os instrumentos intentarán adecuarse ás características xerais do grupo e dependendo da temporización, (as circunstancias que poidan xurdir). Buscar e comentar noticias de actualidade relacionadas co tema		B1.8. Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano. B1.9. Atopa, disertando en grupo, a relación entre algunhas virtudes e valores éticos e o desenvolvemento das capacidades de autocontrol emocional e automotivación, tales como a sinceridade, o respecto, a prudencia, a temperanza, a xustiza e a perseveranza,	Describe a intelixencia emocional e o seu papel e a súa importancia na moral. Diferencia entre emocións e sentimentos. Describe a intelixencia emocional a súa importancia na moral.	1ª Avaliación (1 ou 2 sesións.)	• CAA • CSC • CSIEE • CCL

	emocional.		e debater na aula. Realización dunha presentación en soporte dixital. ANEXO I, (R-2, específica) Visionado de imaxes, textos ou películas e debater ao respecto. Xogos de ROLL.		entre outras. B1,10 Define a intelixencia emocional e as súas características, valorando a súa importancia na construción moral do ente humano.			
• a • b • d • g • h • m	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.11. Habilidades emocionais segundo Goleman.</li> <li>• B1.12. Habilidades emocionais e virtudes éticas.</li> <li>• B1.13. Introspección: autocoñecemento, autocontrol e autonomía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.6. Estimar a importancia do desenvolvemento da intelixencia emocional e a súa influencia na construción da personalidade e o seu carácter moral, con capacidade de empregar a introspección para recoñecer emocións e sentimentos no seu interior, para mellorar as súas habilidades emocionais.</li> </ul>	<p>O seguimento e avaliación das aprendizaxes do alumnado realizarase a diario coa observación na aula e nos portafolios cadernos de clase.</p> <p>O cálculo das cualificacións farase a partires da rúbrica proposta. ANEXO I, (R-1) Os instrumentos intentarán adecuarse ás características xerais do grupo e dependendo da temporización, (as circunstancias que poidan xurdir). Buscar e comentar noticias de actualidade relacionadas co tema e debater na aula. Realización dunha presentación en soporte dixital. ANEXO I, (R-2, específica) Visionado de imaxes, textos ou películas e debater ao respecto. Xogos de ROLL.</p>		<p>B1,11. Comprende en que consisten as habilidades emocionais que, segundo Goleman, debe desenvolver o ser humano, e elabora un esquema explicativo arredor do tema, en colaboración en grupo.</p> <p>B.1.12. Relaciona desenvolvemento das habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas, tales como a perseveranza, a prudencia, a autonomía persoal, a temperanza, a fortaleza da vontade, a honestidade cun mesmo, o respecto á xustiza e a fidelidade aos propios principios éticos, entre outras.</p> <p>B1.13. Emprega a introspección como medio para recoñecer as propias emocións, os sentimentos e os estados de ánimo, coa finalidade de ter un maior control deles e ser capaz de automotivarse, converténdose no dono da propia conduta.</p>	Explica a idea de intelixencia emocional. Relaciona as habilidades emocionais coa adquisición das virtudes éticas. Emprega a introspección para recoñecer a súa vida afectiva.	1ª Avaliación (1 ou 2 sesións.)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CSC</li> </ul>
• a • d • g • m	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.14. Construción da identidade propia consonte valores éticos.</li> <li>• B1.15. Persoa como proxecto vital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.7. Comprender e apreciar a capacidade do ser humano, para influír de maneira consciente e voluntaria na construción da súa propia identidade, consonte os valores éticos, e así mellorar a súa autoestima.</li> </ul>	<p>O seguimento e avaliación das aprendizaxes do alumnado realizarase a diario coa observación na aula e nos portafolios cadernos de clase.</p> <p>O cálculo das cualificacións farase a partires da rúbrica proposta. ANEXO I, (R-1) Os instrumentos intentarán adecuarse ás características xerais do grupo e dependendo da temporización, (as circunstancias que poidan xurdir). Buscar e comentar noticias de actualidade relacionadas co tema e debater na aula. Realización dunha presentación en soporte dixital.</p>		<p>B1.14 Toma conciencia e aprecia a capacidade que posúe para modelar a propia identidade e facer de si mesmo/a unha persoa xusta, sincera, tolerante, amable, xenerosa, respectuosa, solidaria, honesta, libre, etc., nunha palabra, digna de ser apreciada por si mesmo/a.</p> <p>B1.15 Deseña un proxecto de vida persoal conforme o modelo de persoa que quere ser e os valores éticos que desexa adquirir, facendo que a súa propia vida teña un sentido.</p>	Valora as súas fortalezas para modelar a súa identidade. Deseña o proxecto de vida ideal.	1ª Avaliación (1 ou 2 sesións.)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> </ul>



			ANEXO I, (R-2, específica) Visionado de imaxes, textos ou películas e debater ao respecto. Xogos de ROLL.					
<b>Bloque 2. A comprensión, o respecto e a igualdade nas relacións interpersoais</b>								
• a • b • d • e • g • h	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. A natureza social do ser humano.</li> <li>B2.2. Relación dialéctica entre individuo e sociedade.</li> <li>B2.3. Os valores éticos como guías das relacións interpersoais na sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.1. Coñecer os fundamentos da natureza social do ser humano e a relación dialéctica que se establece entre este e a sociedade, estimando a importancia dunha vida social dirixida polos valores éticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O seguimento e avaliación das aprendizaxes do alumnado realizarase a diario coa observación na aula e nos portafolios cadernos de clase.</li> <li>O cálculo das cualificacións farase a partires da rúbrica proposta. ANEXO I, (R-1)</li> <li>Os instrumentos intentarán adecuarse ás características xerais do grupo e dependendo da temporización, (as circunstancias que poidan xurdir).</li> <li>Buscar e comentar noticias de actualidade relacionadas co tema e debater na aula.</li> <li>Realización dunha presentación en soporte dixital.</li> <li>ANEXO I, (R-2, específica)</li> <li>Visionado de imaxes, textos ou películas e debater ao respecto.</li> <li>Xogos de ROLL.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Nesta materia cobra unha especial importancia o uso de dilemas morais como recurso didáctico.</li> <li>Desenvolver estratexias de grupo e individualizada.</li> <li>Impulsar as relacións entre iguais creando un clima de cooperación.</li> <li>Facilitar e comprobar a incorporación progresiva das aprendizaxes destes valores á vida cotiá.</li> <li>Posta en común diante do grupo, despois do traballo individual ou grupal.</li> <li>Utilizaranse a plataforma EDIXGAL así coma documentais e películas que ilustren o mellor posible os contidos.</li> <li>Partir dos coñecementos dos alumnos e a partir de aí construír outras aprendizaxes.</li> <li>Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización de coñecementos previos e a memoria comprensiva.</li> <li>Proporcionar situacións nas que os alumnos deban aplicar e actualizar os seus coñecementos.</li> <li>Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos co fin de que resulten motivadoras.</li> <li>Conseguir que os alumnos sexan capaces de aprender a aprender.</li> <li>Exposición clara, sinxela e razoada dos contidos conceptuais, cunha linguaxe adaptada ao do alumno e que, simultaneamente, contribúa a mellorar a súa expresión oral e escrita.</li> <li>Uso de estratexias de aprendizaxe que propicien unha análise causal dos feitos sociais, históricos e xeográficos.</li> <li>Fomento dunhas actitudes que propicien ao alumnado a asunción dos valores propios dun sistema democrático.</li> <li>A actividade escolar debe esforzarse non só na transmisión de coñecementos senón en que o alumno asuma os valores propios da sociedade democrática en que vive.</li> <li>Usar como centros de interese a realidade máis próxima tanto comarcal como galega no plural contexto español e europeo.</li> </ul>	<p>B2,1, Explica por que o ser humano é social por natureza e valora as consecuencias que ten este feito na súa vida persoal e moral.</p> <p>B2,2 Discirne e expresa, en pequenos grupos, sobre a influencia mutua que se establece entre o individuo e a sociedade.</p> <p>B2,3 Achega razóns que fundamenten a necesidade de establecer uns valores éticos que guíen as relacións interpersoais e utiliza a iniciativa persoal para elaborar, mediante soportes informáticos, unha presentación gráfica das súas conclusións sobre este tema.</p>	Explica a sociabilidade natural do ser humano. Discirne a influencia entre individuo e sociedade. Argumenta sobre a necesidade de valores éticos nas relacións interpersoais.	1ª Avaliación (1 ou 2 sesións.)	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CD</li> <li>CSIEE</li> </ul>
